

INSTANCIA: Procesos selectivos
(Cubrir en maiúsculas todos os campos)**Datos do/a aspirante**

D/D. ^a		DNI núm.
Enderezo para notificacións (rúa, núm., escaleira, piso, letra, parroquia)		
Concello e Provincia	Código Postal	Teléfono

EXPON:

Que desexa participar no proceso selectivo de:	PERSOAL LIMPEZA DE PRAIAS <input type="checkbox"/> TRACTORISTAS
--	---

Por ilo **DECLARO:**

- Que reúno os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e demais normativa directamente aplicable.
- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto.
- Que non estou separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla a Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89 do 13/04/2007).

A tal fin, **ACHEGO** a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento identificador
- Fotocopia do carné de conducir

Outros documentos (deberá incluír aquí os xustificantes dos méritos alegados que desexa que se lle valoren segundo a base 5.1.):

Polo exposto, **SOLICITO**, previos os trámites oportunos, se me inclúa no mencionado proceso selectivo.

Rianxo,/...../201....

Sinatura do solicitante ou representante
(achégase autorización asinada ou poder notarial)

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE RIANXO



Regulación a ter en conta do proceso selectivo

Sistema de selección (segundo o punto 5 das bases):

5.1 Concurso (Puntuación máxima: 3,5 puntos):

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima non poderá superar o 40 % da puntuación total. Terase en conta as seguintes indicacións:

▲ O apartado de formación acreditarase mediante fotocopia compulsada dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo Organismo ou centro correspondente coa expresión do curso ou xornada realizada e número de horas.

▲ O apartado de carné de conducir acreditarase cunha copia compulsada do documento acreditativo.

5.1.1 Cursos de formación relacionados co posto de traballo e sobre materias relacionadas coa prevención de riscos laborais:

* De 20 a 60 horas: 0,50 puntos

* De 61 a 150 horas: 1 punto

*Máis de 150 horas: 1,50 puntos

Puntuación máxima: 1,5 puntos

5.1.2 Carné de conducir C. Puntuación máxima: 1 punto

5.1.3 Coñecemento do galego falado. Puntuación máxima: 1 punto

5.2 Oposición (Puntuación máxima: 12 puntos)

Eliminatoria (obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista en cada unha das probas).

5.2.1 Proba coñecementos do posto de traballo

Cuestionario de quince preguntas tipo test. Puntuación máxima: 6 puntos.

As preguntas versarán sobre os seguintes temas:

-O Concello de Rianxo: parroquias, lugares, praias e coñecemento en xeral.

-Tipos de residuos nas praias e zonas costeiras, materiais e maquinaria a utilizar e modos de emprego.

-Prevención de riscos laborais no posto de traballo de limpeza de praias.

-Cuestións básicas da ordenanza municipal xeral de limpeza e medio ambiente.

5.2.2 Proba práctica de manexo do tractor coa máquina de limpeza de praias

Consistirá en circular co tractor marcha atrás, en liña recta, polo menos 50 m nun ancho de vía de 4 m e, ao final dos 50 m, deberá saír do circuíto nun ángulo recto de 8 m de ancho ata que todo o vehículo saia do circuíto inicial. Para valorar a proba terase en conta o seguinte:

- Obterase a puntuación máxima cando non sexa necesario utilizar a velocidade cara adiante en ningunha ocasión;
- Detraerase 1 punto cada vez que se utilice a velocidade cara adiante;
- Detraerase 1 punto cada vez que se toquen os conos que delimitan o carril.

Puntuación máxima: 6 puntos.

5.3 Situación socioeconómica (Puntuación máxima: 2 puntos):

Esta puntuación será o resultado da suma das puntuacións obtidas nos seguintes apartados, incluídos nunha declaración xurada que deberán asinar os/as candidatos, o día da realización da entrevista:

a) Número de membros da unidade familiar: <ul style="list-style-type: none">- ata 2 membros: 0 puntos- ata 3 membros: 0,10 puntos- ata 4 membros: 0,25 puntos- mais de 4 membros: 0,50 puntos- monoparental con 1 fillo: 0,25 puntos- monoparental con mais dun fillo: 0,50 puntos	b) Nivel de protección por desemprego: <ul style="list-style-type: none">- perceptor/a de subsidio de desemprego: 0,25 puntos- non perceptor/a de prestacións: 0,50 puntos
	c) Antigüidade como demandante de emprego: <ul style="list-style-type: none">- de 6 a 12 meses: 0,25 puntos- mais de 12 meses: 0,50 puntos
d) Por ter recoñecida discapacidade igual ou superior ó 33% (que lle permita a realización dos traballos inherentes ó posto): 0,25 puntos	
e) Pola súa pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: 0,25 puntos.	

Realización do proceso:

- 1) Publicación do anuncio (14/06/2012)
- 2) Presentación das instancias no Rexistro xeral do Concello (ata as 14:00h do día 20/06/2012). No suposto de presentarse a instancia fóra do rexistro xeral do Concello, será necesario adiantala por fax ao núm. 981.866.628 ou 981.843.629, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.
- 3) Publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal das listaxes provisionais de admitidos e excluídos nos dez días seguintes ao remate do prazo de presentación de instancias.
- 4) Prazo de reclamacións: 2 días hábiles
- 5) Publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal da resolución das reclamacións, das listaxes definitivas de admitidos e excluídos, composición do tribunal, lugar, data e hora de realización das probas.

Información completa: pode obter a información completa do proceso na páxina web municipal www.concelloderianxo.es